

## Todos somos súper heroes e súper heroínas

Nesta actividade terás que debuxarte coma un superheroe e pensar nos poderes que poderías ter e explicar que farías con eles. Segue as seguintes instrucións:

🏠 📄 🖍️ 🎨 📏 📐 📌 📍 📎 📏 📐 📌 📍 📎

Ola a todas e todos! Nestes tempos de ficar na casa, que vos parece se xogamos ás superheroínas e aos superheroes?



É moi sinxelo! Fixate nestes pasos:

1.- Debúxate sendo superheroína ou superheroe. Busca un nome xeitoso e pensa ben na roupa que levarás.

Non esquezas a túa capa!

2.- Pensa e escribe cales son os teus poderes (podes pensar en cousas que axuden aos adultos cos que estás: poñer a mesa, recoller o cuarto, xogar sen molestar aos pais que traballan na casa...)

3.- Colga o debuxo cos teus superpoderes no corredor, na porta da túa habitación ou mesmo na fiestra para que todo o mundo saiba da túa valía!!!

## Plano da miña habitación


Esta actividade consiste en debuxar e logo explicar por escrito o camiño dende a túa casa ata o colexio.

Na segunda parte da tarefa, terás o que explicar por escrito o camiño debuxado. Para isto terás que ter en conta os xiros, as direccións e o medio de transporte utilizado. Tamén deberás ter en conta o tempo que che leva facer o traxecto e se é o mesmo tempo de ida que de volta.











## Receita favorita:

Podes escribir unha ...

# receita



Obxectivo:  
explicar como  
facer algo.

Bocado de manteiga de cacahuete	
Ingredientes e utensilios: - 2 rebandas de pan  - coitelo  - manteiga de cacahuete  - prato  - mermelada de arandos 	
Pasos:	
1 	Primeiro, pon as dúas rebandas de pan enriba do prato.
2 	A continuación, usa o coitelo para untar a manteiga de cacahuete nunha rebanda de pan.
3 	Terceiro, usa o coitelo para untar a mermelada de arandos na outra rebanda de pan.
4 	Despois, pon as dúas rebandas de pan xuntas (coa manteiga tocando a mermelada).
5 	Finalmente, colle o teu bocado, cómeo e disfrútao.

## Unha receita inclúe:

- \* a comida, o postre ou a bebida que se vai facer
- \* materiais e ingredientes necesarios
- \* instrucións en forma de pasos
- \* palabras de transición
- \* fotografías

Esta actividade consiste en pensar e redactar a túa receita favorita, pode ser o teu prato favorito, un postre...

Deberá ter a seguinte estrutura:

1. Ingredientes.
2. Utensilios para su elaboración.
3. Elaboración (paso por paso).
4. Resultado final. (foto ou debuxo).

Se podes, fai un debuxo, unha foto ou un vídeo do resultado. Así á volta ás clases poderás explicar a túa receita aos teus compañeiros/as.

### Carta ao meu “eu” futuro

Esta actividade consiste en escribir unha carta (data, comezo, desenvolvemento, despedida e firma) ao teu “eu” do futuro, contándolle como te sintes agora, que cousas estás facendo, que estás aprendendo, cousas novas que descubriches e que antes non sabías...podes contarlle todo o que queiras, sobre todo, as cousas das que non che queres esquecer.

### Calendario de abril

Esta actividade podes realizala ao longo do mes de abril. Terás que coller o calendario e contestar as seguintes preguntas:

- . Qué día da semana comeza o mes?
- . Cantas semanas ten Abril?
- . Cantos días?
- . Por que os días 9 e 10 están en vermello?
- . Cantos domingos hai neste mes?

- . Se estamos no día 4 e o meu aniversario é o día 13, cantos días faltan?
- . Indica que días son mércores neste mes.
- . Se a Primavera comeza o 20 de Marzo, que día de abril fará un mes que comezou?
- . Que día da semana será o 1 de Maio?
- . Pinta de amarelo todos os luns do mes.
- . Se eu marcho de vacacións o día 4 e volto o 11, cantos días estiven fora?
- . Se ti vas de viaxe o día 3 e voltas o 8, cantos días coincidimos os dous fora da casa?
- . Cantos días de vacacións estivemos en total?
- . Cantos meses ten o ano?

### Explica como se xoga a

Nesta actividade deberás elixir un xogo que che guste e explicar como se xoga. Terás que explicalo por escrito. É dicir, as instruccións, como se xoga, quen gaña (se hai gañador/a ou non). Intenta facelo dun xeito que aquelas persoas que non o coñecen poidan entendela.

### Historia familiar (árbol xenealóxico)

Esta actividade consistirá en buscar fotos da túa familia (avós, avoas, tíos, tías, primos/as, hermanos/as...) ou debuxar a cada un deles/as, e ir pegando as foto ou os debuxos, de cada un deles facendo un árbol xenealóxico. Non esquecer poñer o nome de cada un deles/as debaixo. Unha vez teñas todas as fotos ou debuxos pegados e os

nomes escritos de todos, poderás contarnos como é cada un deles (alegre, simpático, serio, bromista...) que é o que máis che gusta de cada un/unha deles/as, que é o que menos che gusta. Tamén podes contarnos que cousas lle gusta facer a cada un deles e as que che gusta a ti facer con eles/elas.

Cando o remates, recorda gardar todas as actividades que estás facendo para que cando podamos volver ao colexio, podamos compartilas cos nosos compañeiros/as, vale? A continuación déixote un exemplo dun árbol xenealóxico feito. Anímate a facer o teu!! ;-)



### [Hai unha carta para ti](#)

Canto tempo hai que non sabes nada dos teus amigos/as ou dalgún familiar o do teu profesor/a? Agora é o momento! Colle papel e boli e cóntalle, a través dunha carta, todo aquilo que che apeteza contarlle. Podes comenzar por poner a data e a continuación podes explicarlle como te sintes, que cousas estás aprendendo, o que che gustaría facer cando o/a vexas, a que queres xogar con el/ela, que é o que máis che gusta de estar en casa, que é o que menos, a quen che apetece ver máis...

Cando a remates, se tes a dirección de onde vive a persoa a quen escribiches, poderás mandala por correo. Seguro que lle fará ilusión recibir noticias túas! Por outra banda, se non tes a dirección, garda a carta nun lugar da túa habitación e, cando podamos saír, poderás entregarlle á persoa a quen lle escribiches, que seguro que lle fai moita ilusión tamén!! ;-)

### Diario coronavirus

Un diario é como unha especie de libro ou libreta onde escribimos cousas que nos acontecen cada día. Estas cousas soen estar relacionadas con feitos importantes ou emocións que sentimos en determinados días. Por iso, e aproveitando esta situación tan ESPECIAL e ÚNICA que estamos vivindo, sería moi interesante escribir cada día como nos sentimos (alegres, tristes, agotados/as, con ganas de que isto acabe...) ou o que fixemos ese día (plantar, axudar a cociñar, recoller e ordenar a miña habitación, ver unha película que me encantou...). É importante poñer a data para que así, cando todo isto acabe podas ter un recordo de todo o que fixeches durante o tempo de confinamento na túa casa e, tamén, poderás compartilo, se queres, con algún compañeiro/a á volta ao colexio.

### Natureza na maceta

Esta actividade consiste en sembrar unha semilla, na casa, dentro dunha maceta ou nun lugar onde podas observar cada día o seu progreso. Podes rexistrar os cambios a través de debuxos, tomando medidas, e recollendo os cambios nesas medidas que observes. Tamén podes crear unha poesía ou un conto onde a protagonista

sexa a semente que sembraches e, para finalizar, fai un debuxo da mesma.

Para recoller todos estes cambios, observacións, debuxos e incluso o conto ou a historia que vaias a escribir ou a poesía, podes empregar unha libreta a cal lle podes poñer un título para saber que esa libreta ou caderno é para esta actividade concreta, o título pode ser “A vida dunha pranta” por exemplo. Anímate a crear un título orixinal para o teu caderno ou libreta da “natureza”. ;-)

